



Sr. D. / Sra. Dna.
ARZOBISPADO DE SANTIAGO DE COMPOSTE
Praza da Inmaculada, 1
15704 - Santiago de Compostela
(A Coruña)

Nº expte.: **OM_2022 - 50**

Xunto con este escrito remíteselle a Resolución da Xerencia do Consorcio de Santiago de Compostela, de concesión da subvención por vostede solicitada, dentro do "Programa Terémancer" dirixido á rehabilitación dos elementos especiais de madeira e reixas e ao mantemento da envolvente exterior dos inmobles da Cidade Histórica de Santiago de Compostela.

Santiago de Compostela, 17 de outubro de 2022




16549906A MARIA
BELEN HERNANDEZ
(R: V15392319)

Asdo. Belén Hernández Lafuente
Xerente do Consorcio de Santiago



ALP



CONSORCIO DE SANTIAGO



ARZOBISPADO DE SANTIAGO DE
 COMPOSTELA
 Praza da Inmaculada, 1
 15704 - Santiago de Compostela
 (A Coruña)

22-50



**"PROGRAMA TERÉMANTER" DIRIXIDO Á REHABILITACIÓN DOS
ELEMENTOS ESPECIAIS DE MADEIRA E REIXAS E AO MANTEMENTO DA
ENVOLVENTE EXTERIOR DOS INMOBLES DA CIDADE HISTÓRICA DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA**

RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN DE AXUDA

Nº expediente: **OM_2022 - 50**

Asunto:	Solicitude de subvención do "Programa Terémantter" dirixido á rehabilitación dos elementos especiais de madeira e reixas e ao mantemento da envolvente exterior dos inmobles da Cidade Histórica de Santiago de Compostela (B.O.E. nº 16, 19 de xaneiro de 2022).				
Solicitante: D/Dna.	ARZOBISPADO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	N.I.F. nº:	R1500020A		
e na súa representación D/Dna.	José Fernando Barros Fornos	N.I.F. nº:	32629952J		
Localización do inmueble:	Rúa Nova	Nº:	29	PISO:	<input type="text"/>
				LETRA:	<input type="text"/>

En relación ao expediente de referencia e á vista do informe establecido na Base 6.7 das axudas arriba sinaladas, seguindo os criterios dispostos na Base 6.6, e previa a instrución do expediente no que quedan acreditados os requisitos establecidos nas Bases desta convocatoria, e consonte coa proposta de resolución previamente aceptada por vostede, segundo sinala a Base 6.8, formulo a seguinte:

RESOLUCIÓN:

Conceder a axuda solicitada en aplicación do Punto 7 das Bases reguladoras, con arrego ao seguinte detalle:

	Presuposto subvencionable	Presuposto non subvencionable	Presup. total	Tipo de subvención	Importe da subvención
Restauración CARPINTARÍAS	0,00 €	-----	0,00 €	50%	0,00 €
Reposición CARPINTARÍAS	0,00 €	0,00 €	0,00 €	40%	0,00 €
Restauración REIXAS	0,00 €	0,00 €	0,00 €	40%	0,00 €
ENVOLVENTE	22.066,81 €	0,00 €	22.066,81 €	40 %	8.826,73 €
Honorarios D.T.	2.206,68 €	6.009,22 €	8.215,90 €	75%	1.655,01 €
Honorario I.E.E.	0,00 €	0,00 €	0,00 €	75%	0,00 €
Honorarios P.M.	0,00 €	0,00 €	0,00 €	75%	0,00 €
Orzamento total (carpinterías + reixas + envolvente + honorarios)			30.282,71 €	Subvención total inicial	10.481,74 €

En cumprimento da Base 9.3 o prazo de execución das obras é o mesmo que o de xustificación das mesmas. As obras deberán contar coa correspondente licenza municipal ou acreditación da presentación da comunicación previa, segundo dispoña a normativa urbanística e as ordenanzas municipais, sen prexuízo das facultades de control e supervisión que o Consorcio manterá en relación coa súa execución.

Asimismo, segundo sinala a Base 9.3, a efectiva xustificación do gasto terá que acreditarse mediante presentación das facturas e, de ser o caso, certificacións de obra emitidas polo técnico director facultativo, e os correspondentes xustificantes dos pagos bancarios, certificado final de obra emitido polo técnico, no caso das obras non dirixidas pola Oficina Técnica do Consorcio e copia da licenza municipal ou acreditación da presentación da comunicación previa, segundo dispoña a normativa urbanística, antes do 31 de decembro de 2022, para que previo recoñecemento da obrigación poida imputarse ao crédito retido para amparar financeiramente os gastos derivados destas bases e convocatoria. A xustificación do gasto transcorrida esta data suporá que o dereito ao cobro da subvención queda condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente na partida orzamentaria que, no seu caso, estea vixente para esta finalidade no Orzamento de 2023. No caso de que a data 1 de decembro de 2023 non se tivera presentada a documentación mencionada enténdese que o beneficiario perderá o dereito á subvención concedida.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o dictou, no prazo de UN MES a partir desta notificación, ou ben impugnaloo directamente no prazo de DOUS MESES ante o Xulgado do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela sito no edificio dos Xulgados, Rúa Viena, s/n - Fontiñas. -

De presentar recurso de reposición, o prazo para recorrer en vía contencioso-administrativa será de DOUS MESES a contar dende o día seguinte ó da recepción da notificación da resolución expresa do recurso de reposición, ou de SEIS MESES a contar dende o día seguinte a aquel no que o recurso de reposición debe entenderse presuntamente rexeitado.

Santiago de Compostela, 17 de outubro de 2022



16549906A MARIA BELEN
HERNANDEZ (R: V15392319)

Asdo. Belén Hernández Lafuente
Xerente do Consorcio de Santiago de Compostela



PROGRAMA DE AXUDAS PARA A REHABILITACIÓN DOS ELEMENTOS ESPECIAIS DE MADEIRA E REIXAS DOS EDIFICIOS E VIVENDAS DA CIDADE HISTÓRICA

ACREDITACIÓN DA EFECTIVA EXECUCIÓN DAS OBRAS

A documentación a presentar polo beneficiario para acreditar a efectiva execución das obras é a seguinte:

- Copia da correspondente licenza municipal ou acreditación da presentación da comunicación previa, segundo dispoña a normativa urbanística, de data anterior á execución da obra.
- Certificado final de obra, no caso de que o proxecto técnico ou memoria valorada non estean redactados polos servizos técnicos do Consorcio.
- Facturas e, de ser o caso, certificación de obra emitida pola empresa contratada para o efecto, coa sinatura do técnico competente se a natureza dos traballos así o esixise.
- Xustificantes dos pagamentos bancarios da totalidade das facturas.
- Certificados de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria e as obrigacións fronte á Seguridade Social, no caso de non ter autorizado ao Consorcio de Santiago a facer a consulta telemática.
- Certificado de conta bancaria onde se desexa sexa ingresada a subvención.
- En cumprimento do artigo 31 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, cando o importe do gasto subvencionable supere a contía de 40.000 €, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes contratistas, con carácter previo á contratación da obra, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que a realice. A elección entre as ofertas presentadas, que deberán aportarse na xustificación da subvención, realizarase conforme aos criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

Lugar de presentación

A acreditación da efectiva execución das obras poderá presentarse no rexistro do Consorcio da Cidade de Santiago de Compostela, sito na Rúa do Vilar, 59 (teléfono 981 57 47 00), ou por calquera dos medios admitidos na Lei de réxime xurídico e procedemento administrativo común, facendo chegar por fax (981 57 47 50) o resgardo da solicitude.

Data límite de presentación

A documentación a presentar para acreditar a efectiva execución das obras deberá presentarse antes da data que se estableza na Orde de Peche do Orzamento da Xunta para 2022, en todo caso antes do 31 de decembro de 2022, para que o previo recoñecemento da obriga poida imputarse ao crédito retido para amparar financeiramente os gastos derivados destas bases e convocatoria. A xustificación das obras transcorrida esta data suporá que o dereito ao cobro da subvención queda condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente na partida orzamentaria que, no seu caso, estea vixente para esta finalidade no Orzamento de 2023. En caso de que á data 1 de decembro de 2023 non se tivera presentada a documentación mencionada enténdese que o beneficiario perderá o dereito á subvención concedida.